

O PAPEL DA PRENSA NA CONSTRUCIÓN DA IDENTIDADE COLECTIVA GALEGA DURANTE A TRANSICIÓN

Marcos S. Pérez Pena

Universidade de Santiago de Compostela

1 CONSTRUCIÓN TEÓRICA DA NACIÓN

A meirande parte das actuais liñas de investigación e pensamento converxen en afirmar a non-naturalidade da nación, o seu carácter de produción política e social en contextos que posúen unha inicial matriz de etnicidade diferenciada. Para Hroch, a nación é unha construción das masas, un proceso que atravesa por tres fases: unha primeira de investigación sobre a etnicidade, que non é propiamente nacionalista; unha segunda de activismo, na que o obxectivo é convencer ao propio grupo da súa singularidade (espertar a conciencia nacional¹), ata chegar á terceira: o movemento de masas, na que a maioría da poboación asume e explicita politicamente a súa identidade nacional da man dun movemento de masas². Máiz adiviña un proceso semellante, que divide en cinco etapas: unhas precondicións étnicas e culturais, elaboradas polos intelectuais nacionalistas; unhas precondicións económicas que xeren unha matriz diferenciada de intereses da propia comunidade que poida impoñerse sobre as divisións internas de clase, relixión ou ideoloxía; unha propicia estrutura de oportunidade política, é dicir, un favorable contexto institucional e estratéxico que facilite a mobilización; unha organización que poña en pé con éxito unha mobilización en defensa dos intereses comunitarios; e un traballo intelectual e discursivo de produción e xeneralización que sexa capaz de establecer como marco interpretativo dominante (*master frame*) a evidencia indiscutida da existencia dunha comunidade de sentido e intereses homoxéneos³.

1. Gellner, con todo, «o nacionalismo non é o espertar das nacións á conciencia de si mesmas: inventa nacións ali onde non existen, mais precisa características diferenciais preexistentes para pórse en funcionamento» (en Máiz, 1997:119).

2. Máiz, 1997:123.

3. Máiz, 1997:14.

Os colectivos exercen a súa identidade pública a través da visibilidade que confiren os medios de comunicación. Lucien Pye tratou o papel que desempeñan os medios de comunicación no xurdimento de novas nacións, tomando como elementos de estudo diversos estados de África e Asia que recentemente acadaran a súa independencia. Ata ese momento a teoría política occidental ignorara os problemas relativos á construción dunha nación. Pye asegura que no proceso de desenvolvemento político nacional as noticias convértense en *noticias nacionais*, persiste o interese da veciñanza (o próximo) pero agora debe ser relacionado co interese nacional⁴: o home que fora un cidadán da súa localidade é agora autoconscientemente un cidadán da nación. Por último, a poboación debe entender por que están facendo ese esforzo e sentir que son parte determinante.

2 PAPEL DOS MEDIOS COMO CONSTRUTORES DA REALIDADE

A realidade é fundamentalmente dual: ten unha existencia autónoma, inaprensible, e á vez existe a través dun proceso cognitivo. A realidade, de xeito obxectivo e en termos absolutos, non é máis ca unha idea pura, unha utopía. Berger e Luckmann defínela como a «calidade propia dos fenómenos que recoñecemos como independentes da nosa propia volición»⁵ (é dicir, que non podemos facelos desaparecer). Mais os individuos non perciben a *realidade* de xeito absoluto, só apprehenden algúns fragmentos, e a meirande parte deles a través dos medios de comunicación, que lles proporcionan toda a información sobre aquilo que non pode ser percibido de xeito directo. Polo tanto, a realidade constrúese socialmente.

Producir noticias é producir a realidade. Os medios de comunicación son «negociadores de sentido» dun acontecemento (en palabras de Gamson e Stuart) e eríxense no escenario en que

4. Os medios adquiren daquela seis funcións: 1. Contribuír ao sentimento nacional. 2. Ser a voz do proxecto nacional. 3. Ser usado para axudar a ensinar as habilidades necesarias. 4. Axudar a estender o mercado efectivo. 5. Preparar a xente para cumprir os seus novos papeis. 6. Preparar a xente para cumprir os seus papeis como nación (Pye, 1963:38).

5. Berger e Luckmann, 1984:13.

determinados contidos simbólicos desenvolven a construción social da realidade. Tuchman afirma que a noticia tende a dicirnos «que queremos saber, que necesitamos saber e que deberíamos saber»⁶. Os medios de comunicación desempeñan un papel central no encadramento interpretativo (*framing*) da realidade. A noticia constitúe o resultado dun proceso de interpretación, selección e priorización, que orienta a realidade que percibe a audiencia nun senso ou noutro e dese xeito orienta a acción social. Os marcos interpretativos (*frames*) dos medios de comunicación son pautas persistentes de cognición, de dotación de senso e interpretación que integran o previo horizonte interpretativo dende o que se len as novas noticias. Mediante selección, énfase ou exclusión, a través dos que se xeran esquemas sinxelos e rutineiros de precomprensión e percepción da realidade polas audiencias, os marcos facilitan o procesamento da información de xeito rápido e rutineiro ao tempo que mediante ese filtrado introducen nesgo, reelaboración e exclusión. Os marcos, dun xeito sutil e implícito, diagnostican, avalían e describen. Snow e Bendford esquematizaron o *frame analysis* en tres campos: o diagnóstico (o problema e as súas causas), o prognóstico (solucións e alternativas) e a motivación (protagonistas e acción), arredor de cinco eixes: delimitación dun tema e a súa reformulación como problema; atribución de causas e axentes responsables do problema; postulación de alternativas e solucións ao problema; slogan e audiencia destinataria da protesta; autolexitimación dos protagonistas, portadores das solucións ao problema e o repertorio de mobilización.

En xeral, prodúcese un proceso de converxencia discursiva entre o discurso oficial e os medios de comunicación, que reproducen a retórica do goberno, de xeito que se fai evidente a dependencia. Esa situación de converxencia discursiva ten importantes efectos no nivel da elaboración de representacións sociais. Nos sistemas efectivamente democráticos todos os suxeitos, como iguais e libres, cooperan na construción e creación desas representacións. Polo tanto, máis autoritario é un sistema político a medi-

6. Tuchman, 1983.

da que a) esa construción se concentra máis nas mans de grupos, sectores ou individuos que teñen un acceso privilexiado ao discurso e b) sucesivamente, máis grupos, sectores ou individuos con intereses contrapostos aos que impoñen un discurso homoxeneizante fican excluídos da posibilidade de esgrimir publicamente tanto argumentos contrarios como propostas alternativas de organización social e de distribución de bens e coñecemento.

3 PAPEL DOS MEDIOS EN MOMENTOS DE CAMBIO

Os medios provocan sempre grandes cambios na sociedade, sobre todo nun contexto democrático, onde se converten no maior instrumento de socialización e principal axente de cambio social. Cando nos relatos informativos se ofrecen interpretacións novas do contorno social e do que no seu ámbito acontece ou podería acontecer, é posible que tales descricións contribúan a unha modificación das representacións colectivas e que ese cambio de visión do mundo sexa un dos factores que dinamicen os comportamentos dos grupos ou dos suxeitos individuais. O fenómeno máis importante da Transición é o cambio social, o *cambio* como obxecto semiótico, xerador de discursos, destinador recoñecido da meirande parte das producións do discurso público⁷.

Carlos Filgueira e Dieter Nohlen consideran que o papel da prensa nas transicións cara á democracia pode resumirse en cinco funcións:

1. Unha función de carácter xeral, ou elemental, correspondente ao que podemos chamar «democratización da información».
2. Ser un referente común de dominio público e das elites (*common ground*).
3. Accións e presións aperturistas concretas (medidas e propostas transmitidas a través dos contidos das mensaxes).
4. Consolidación de trama política, e en particular dos partidos políticos, dos liderados e o sistema de partidos.

7. Imbert, 1990.

5. Contribución á formación de partidos, alí onde non existisen⁸.

Estes autores afirman que, en concreto, na Transición española a prensa cumpriu todas as funcións, agás a cuarta, dada a inexistencia de sistema previo de partidos. O propio Adolfo Suárez recoñeceu o importante papel desempeñado polos medios, que presionaron as institucións do réxime anterior «e fixéronlles tomar conciencia de que a súa última xustificación consistía en dar paso libre á reforma»⁹. En situacións de cambio, coma a Transición política española, como consecuencia das interaccións entre informadores, mobilizacións populares e políticos, prodúcese decote un cambio de papeis no esquema clásico do proceso de comunicación: emisor-mediador-receptor. O receptor, a través do *ruído da rúa* (pintadas, mobilizacións) pode converterse nun dos principais emisores, lonxe do papel de marxinalidade que se lle concede con frecuencia. O habitual emisor (políticos) ten unha actitude de *alerta-pasiva* en relación cos medios de masas, á expectativa do desenvolvemento dos acontecementos; estes políticos (novos políticos) están dispoñibles para a prensa, pero sen tomar a iniciativa e exercendo en certo modo a función de receptor respecto das minorías que levan a iniciativa na rúa. Durante a Transición política, no momento de estrear a democracia en 1977, os políticos, como grupo, atopábanse nun estado de inocencia: estaban dispoñibles, sen intermediarios nin restricións, para os xornalistas. Pola súa banda, o mediador (xornalista) toma a iniciativa para seleccionar certos emisores e obter determinadas mensaxes sintonizadas co *ruído da rúa*.

Os medios impulsan cambios na sociedade e nos seus dirixentes, pero os cambios tamén inflúen nas institucións comunicadoras, que deberán *resituarse*, xa que a súa supervivencia dependerá da capacidade para corrixir os seus enfoques de acordo cos novos parámetros do contorno, sexan políticos, tecnolóxicos ou

8. Filgueira e Nohlen, 1994:28.

9. En Montabes, 1994:48.

sociolóxicos. A credibilidade pode ser un valor conxuntural, pero os xornais necesítana cun carácter perdurable e constante e resultados imprescindibles cando se introducen cuestións que poden poñer en dúbida algún dos referentes esenciais. Martín Serrano engade que «a credibilidade que o receptor asigne á versión dos feitos depende da confianza que mereza a persoa ou institución que imputara a autoría»¹⁰. Os xornais establecen de xeito tácito un contrato cos seus lectores, un compromiso en que se sustenta a súa credibilidade. Os diarios, nunha estratexia de credibilidade, de autorrepresentación como pluralistas e de ofrecedores dun trato xusto e equilibrado dos conflitos que tratan, adquiren pragmáticamente un compromiso cuns lectores determinados (os seus). Con eles comparten unhas proposicións básicas como integrantes dun mesmo grupo (co lector-modelo, que diría Eco no seu *Lector in fabula*).

4 «GALICIA» NOS MEDIOS

Para saber cal era a presenza do concepto de «Galicia» na prensa galega durante a Transición levouse a cabo unha análise de contido¹¹. Tomáronse en consideración só os titulares e neles seleccionáronse os que contiñan referencias a *Galicia* (Galicia, galego...) ou ao *Estatuto* (Estatuto, texto estatutario...) e nos que ambos os conceptos funcionaban coma os actores principais do texto (unidades referenciais). Así mesmo, aplicouse un baremo da súa importancia, para obter un índice de relevancia, coa seguinte escala: titular en portada, cinco puntos; titular de noticia principal de páxina, tres puntos; titular de noticia secundaria, un punto. Finalmente, analizouse o papel que o concepto procurado cumpría no texto (unidades proposicionais), ben activo («*Galicia* necesita»,

10. Martín Serrano, 1986:224.

11. A análise baseouse no estudo de case medio cento de exemplares dos dous xornais máis lidos en Galicia en 1979: *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*. O universo estudado foi o ano 1979, no que se desenvolveu a meirande parte do traballo de redacción e negociación do Estatuto de autonomía de Galicia e as mostras estudadas corresponden a un exemplar de cada semana. En total, foron analizadas máis de trece mil pezas xornalísticas entre os dous xornais.

«Galicia obterá», «O Estatuto permitirá...») ou pasivo («negociarán o Estatuto», «chegará hoxe a Galicia»...). No caso dos activos, dobrouse o valor do índice de relevancia resultante da distribución interna da información no xornal; nas referencias pasivas, mantívose.

Para Van Dijk, os titulares e encabezamentos nos xornais constitúen a expresión máis convencional da macroestrutura dun texto, é dicir, a proposición de maior relevo que proporciona a coherencia a este¹². É precisamente pola necesidade de resumir e simplificar ao máximo a realidade polo que os procesos de filtrado, selección, enmarcamento e interpretación actúan con maior forza, deixando ao descuberto as estratexias de cada medio de comunicación. Ademais, os titulares achegan a necesidade de poñer en práctica a preinterpretación que permanece na memoria dos lectores e se activa enlazando de xeito automático as novas informacións cun esquema previo, cos marcos interpretativos. A arxentina Vasilachis defende que os titulares orientan a estratexia de lectura do lector a través de diversas funcións e efectos retóricos: uso de linguaxe indirecta ou de citas directas das fontes ou protagonistas como un xeito de reflectir a realidade; a elaboración dos acontecementos, construindo a realidade que supostamente se limita a constatar; emprego de metáforas a xeito de analoxías condensadas, que funcionan grazas aos mecanismos de precomprensión da noticia por parte do lector (os marcos interpretativos, entre outros). Os titulares poden ser considerados editoriais implícitos dos xornais, en moitos casos en ausencia de editoriais propiamente ditos¹³.

La Voz de Galicia foi das primeiras cabeceiras que inseriu no seu temario *Galicia* como actor representativo de todos os cidadáns do territorio. A xestión de Francisco Pillado á fronte do xornal na maior parte da década dos setenta propiciou a aparición dun discurso *galeguista* ou que polo menos tomaba a Galicia como centro. A consecuencia máis visible desta estratexia foi a creación da sección *Galicia* (xa durante a dirección de Juan Ramón Díaz), espazo

12. Van Dijk, 1990.

13. Vasilachis, 1997.

que concentraba todas as noticias ocorridas no país, en vez de que estas aparecesen distribuídas por varias seccións de carácter máis local. As restantes cabeceiras seguiron nos anos seguintes o exemplo de *La Voz*, dando este salto cualitativo que supoñía recoñecer a Galicia como espazo único, e non unha agrupación de provincias ou de entidades locais¹⁴. Máiz defende que *La Voz de Galicia* realizou entre 1977 e 1981 unha toma de posición clara non só a favor do autogoberno de Galicia, senón (tras a aprobación na CE da condición de nacionalidade histórica para o noso país) a prol da concesión dunha *autonomía de primeira clase* ao mesmo nivel de Cataluña e Euskadi, creando marcos de acción colectiva¹⁵. Para Máiz, o xornal coruñés denunciou un problema, unha contradición normativa entre o ser e o deber ser: a *marxinación/discriminación de Galicia* e articulou todo o seu discurso arredor del¹⁶. As referencias a Galicia durante todo o ano 1979 son frecuentes e manteñen un nivel homoxéneo. A presenza de Galicia é máis activa en febreiro (campana electoral) e maio (debate sobre a capitalidade e substitución de Rosón por Quiroga) e descende devagar nos últimos meses do ano, para ser ocupado o seu espazo polas referencias ao *Estatuto* e polo propio Estatuto como suxeito activo, actor representante de *Galicia* e dos cidadáns galegos. O Estatuto non entra no temario do xornal coruñés ata setembro, tendo unha pre-

14. *La Voz de Galicia* creou a súa sección «Galicia» en 1977 e mantivo durante toda a Transición unha estrutura interna con xerarquización: Mundo («Internacional»), España («Nacional») e Galicia. *El Ideal Gallego* tamén contaba dende 1976 cunha sección denominada «Galicia», que ademais abría o xornal e tiña catro páxinas (as mesmas que a sección local da Coruña). Porén, nos anos noventa, o local gaña peso e esta sección convértese na primeira do xornal, tanto na ordenación como en número de páxinas. Pola súa banda, o *Faro de Vigo* presenta xa en 1976 unha sección «Galicia», pero aparece colocada en último lugar e constrúese a partir da xustaposición de pezas informativas locais. A partir de 1981 sitúase tras a información de España e do Mundo.

15. Os marcos de acción colectiva (*collective action frames*), en palabras de Snow e Bernard, son «dispositivos de crenzas e significados orientados cara á acción que inspiran e lexitiman actividades e campañas de movementos sociais» (en Gamson, 1992:7).

16. Máiz, 2004.

senza moi destacada nos tres últimos meses do ano, ao mesmo nivel como actor que *Galicia*. Polo tanto, pódese deducir que *La Voz* só informa en profundidade sobre o proceso estatutario a partir do momento en que chega ás Cortes, e cobre informacións puntuais no momento en que son difundidas aos medios. En todo caso, o xornal é permeable á presión dos seus lectores, da sociedade e dos actores, e a partir de setembro si presta unha atención notable ao Estatuto, levándoo á súa portada e titulares.

A diferenza de *La Voz*, no *Faro de Vigo* Galicia non é un actor habitual ou un suxeito activo destacado e así, entre xaneiro e marzo, as súas mencións son moi escasas. Ao longo de 1979, o papel asignado a Galicia vaise facendo máis e máis importante, crecendo continuamente ata xullo, cando mesmo supera a presenza que ten en *La Voz*. Tras un descenso en agosto, as referencias a *Galicia* volven crecer ata novembro, para baixar (aínda que mantendo cifras elevadas) en decembro. Outra diferenza con respecto a *La Voz* é que no *Faro*, o *Estatuto* ten unha presenza significativa nos primeiros meses do ano. Así, aparece en titulares e portadas en xaneiro, marzo, abril, xuño, xullo e agosto; e é moi destacado o seu protagonismo en abril, xusto cando se presenta o anteproxecto *dos dezaseis*. Despois, por suposto, en setembro e outubro, e sobre todo en novembro e decembro, a súa presenza crece espectacularmente, ao recoller o *Faro* as negociacións nas Cortes e as mobilizacións populares contra a aldraxe. Polo tanto, aínda que con cifras bastante baixas, o *Faro* foi recollendo ao longo do ano informacións en que o Estatuto era o actor principal e concedeulle ao texto unha certa significación no seu temario. A presenza de Galicia nas portadas e nos titulares do xornal vigués, moi reducida nun comezo, foi aumentando ao longo do ano, produto quizais da consolidación das institucións autonómicas e da forza crecente do sentimento de identidade entre os cidadáns, alimentado polas dificultades opostas polo Goberno central á consecución dun Estatuto de autonomía de primeiro nivel.

Figura n.º 1. Evolución mensual durante 1979 do protagonismo diario de «Galicia» e «Estatuto» en *La Voz e Faro*





Figura n.º 2. Evolución semanal durante 1979 do protagonismo de «Galicia» e «Estatuto» en *La Voz e Faro*



5 CAPITALIDADE VERSUS ESTATUTO

1979 foi un ano de contrastes na prensa galega. Os xornais, que acabaron o ano protestando pola *aldraxe* sufrida por Galicia, pasaron varios meses ocupados en loitas localistas verbo da decisión sobre que cidade debería converterse na capital do país. O proceso de redacción e negociación do Estatuto pasou desapercibido ata despois do verán. E é que os xornais, todos eminentemente locais, tiñan as súas prioridades e *Galicia* non era o que máis importaba. Xosé A. Gaciño introduciu o 8 de abril un apuntamento moi interesante: o debate sobre a capitalidade (que debía ser fixada no Estatuto) tivo un aspecto positivo, «o de que polo menos certos sectores da opinión pública soubesen que se estaba redactando un anteproxecto de Estatuto e de que é necesario debater ese

e outros aspectos do mesmo». A polémica da capitalidade era un tema que espertaba reaccións emocionais, sobre todo nunha das cidades implicadas (A Coruña), uns sentimentos que eran potenciados e explotados por algúns políticos. Os xornais galegos, eminentemente locais todos (aínda que *La Voz de Galicia* aspiraba a converterse nunha cabeceira de dimensión e cobertura galegas, a súa postura foi moi claramente de apoio á cidade herculina), tomaron partido por unha ou outra cidade (pola Coruña os xornais coruñeses: *La Voz de Galicia* e *El Ideal* e por Santiago o resto, mesmo *El País*, a través dos seus correspondentes). Algúns fixérono editorialmente (*Faro de Vigo*, *El Ideal Gallego*, *El Correo Gallego*) e outros non (*La Voz de Galicia*), e mesmo entre os que defendían a mesma postura existían grandes diverxencias en canto á validez de certas reivindicacións ou actitudes. Durante semanas, a prensa galega encheuse de editoriais, artigos de opinión, cartas ao director, informes de expertos..., procurando cada un defender a súa posición e influír na opinión pública. O 20 de abril, o *Faro de Vigo* denunciou nun editorial a postura ambigua de *La Voz de Galicia* en arredor da capitalidade, que cualificou como «As dúas caras de *La Voz de Galicia* ou *La Voz de La Coruña*». Neste artigo, o xornal vigués quería denunciar a diferente postura que mantiña *La Voz de Galicia* sobre este tema nas súas edicións coruñesa e viguesa, presentado como proba as páxinas 32 e 33 do día 18 de abril nas dúas edicións, que de feito tiñan contidos moi diferentes: na edición coruñesa un amplo despregamento sobre un mitin a prol da capitalidade coruñesa; na viguesa, información local.

O punto máis quente da polémica coincidiu coa derradeira semana de abril, unha vez constituídos os concellos tras as eleccións locais. A información de *La Voz de Galicia* sobre un mitin coruñesista era moi exhaustiva e salientaba a grande asistencia de público («máis de 10.000 persoas»), as peticións de dimisión do alcalde Domingos Merino e feitos anecdóticos como que «O Concello coruñés cobrou 125.000 pesetas pola utilización do Pazo dos Deportes» (texto dun dos subtítulos). En cambio, a crónica do mesmo acto publicada por *El País* era de signo moi distinto.

Comezaba aludindo negativamente á actitude dos manifestantes: «Dez mil persoas, *encolerizadas*, pediron onte a dimisión...» e Perfecto Conde, que asinaba a crónica, engadía que: «non se volvera escoitar na Coruña unha manifestación popular de ecos tan enfebrecidos e de connotacións tan dereitistas coma a de onte, dende a derradeira homenaxe rendida a Franco no mesmo lugar no ano 1975». O tema da capitalidade reaparecería o 22 de xuño, cunha manifestación pola capitalidade e pola autonomía que reuniu en María Pita a entre vinte e trinta mil coruñeses. Porén, o acto reivindicou pouco os dereitos de Galicia e moito os da Coruña, como sinalaba con desagrado *El Ideal Gallego*: «O público foi máis proclive á exaltación da Coruña que á do proceso autonómico». En cambio, *La Voz de Galicia* non facía alusión a isto e titulaba: «Uns 30.000 coruñeses, a favor da autonomía e da cidade», mentres que *El País* só salientaba a reivindicación autonomista no seu titular: «20.000 persoas maniféstanse na Coruña pola autonomía galega».

As negociacións finais sobre o Estatuto de autonomía contribuíron a fortalecer na prensa do noso país os sentimentos *galeguistas*, entendidos no seu sentido máis básico: a pertenza a unha comunidade humana e simbólica (Galicia), por riba de diferenzas xeográficas ou ideolóxicas. Unha unidade, ademais, diferenciada obxectiva e conscientemente dos outros territorios da Península. A actitude dos xornais galegos perante as negociacións foi mudando dende unha apatía ou desinterese inicial, un seguimento rutineiro aínda que optimista despois, ata o pesimismo¹⁷, a alarma e a reivindicación no mes de novembro. Para Gaciño e Rivas, a toma de postura da prensa galega en defensa dos dereitos de Galicia merece un recoñecemento: «A prensa galega, esta vez, conectaba co sentir popular», aínda que tamén engaden que «días máis tarde pesarían elementos compensatorios, pero iso xa é outra historia»¹⁸. En cambio, para autores como Álvarez Pousa, a actuación da prensa

17. Nunha información publicada a comezos de novembro, *El Ideal* publicaba: «as negociacións do Estatuto de Autonomía de Galicia son un calco desas novelas policiais nas que se coñece o asasino dende o comezo e o interesante da novela reside en descubrir a trama».

18. Gaciño e Rivas, 1980:154.

galega, agás *El Ideal Gallego*, foi moi pasiva e unicamente serviu de voceiro dunhas e doutras opinións. Para Pousa, non é ata que a presión da cidadanía se intensifica que os xornais do país adoptan unha posición clara a prol da autonomía:

Até o día 16 de novembro de 1979, os diarios limitáranse a secundar a actuación dos líderes políticos máis institucionalizados, aqueles que estaban identificados cos dous grandes partidos estatais, UCD e PSOE. Durante a negociación que entre bastidores levan a cabo o vicepresidente Abril Martorell e Alfonso Guerra para facer do Estatuto Galego a medida pola que se habían de aceptar todos os demais que non fosen o catalán e o vasco, utilizan con profusión o modelo propio do que se entende por xornalismo de declaracións (...) Utilizaron a información mosaico para daren conta de canto se movía soterradamente nos despachos de Madrid. Cederon amplos espazos á opinión dos demais, pero evitaron as súas propias. Non se implican na opinión nin sequera a través dos colaboradores galegos, descansando durante o proceso de negociación estatutaria en sinaturas de prestixio contratadas pola axencia Colpisa e, unicamente rompen as tipografías de primeira para non quedaren a desmán dunha mobilización popular de dimensións inesperadas¹⁹.

Pola súa banda, a prensa madrileña, agás raras excepcións, non entendía o Estatuto como un dereito do pobo galego amplamente reivindicado, senón como un privilexio que ademais só importaba e beneficiaba aos «caciques». O 16 de novembro, *El País* defendía nun editorial («O Estatuto de Galicia: entre o temor e a ambigüidade») a proposta de Estatuto (moi limitada) feita por UCD. O texto, ademais, viña a recoñecer a Euskadi e Cataluña como únicas nacionalidades históricas, sen ter en conta o fixado na CE²⁰. POG, PG e PCG protestaron nun escrito que o xornal madrileño nunca publicou, pero o editorial si foi contestado ao día seguinte por outro de *El Ideal Gallego*, «Galicia humillada», publicado na súa portada:

19. Álvarez Pousa, 1999:64.

20. Este texto engadíase a outro de *Informaciones*, publicado o día anterior e no que se afirmaba que Galicia era unha «nacionalidade de segunda».

A autonomía de Galicia está en perigo. O rocambolesco proceso que está seguindo o Estatuto galego no Congreso culminou onte coa decisión de aprazar, unha vez máis, o debate do noso texto autonómico (...) Pero quizais o máis indignante que se está producindo é a terxiversación, ante a opinión pública do resto de España, do verdadeiro carácter da reivindicación autonómica galega. Chegar a identificala co mantemento do aparello caciquil para quen loitaron, e mesmo deron a vida, polo autogoberno de Galicia. Cando os insultos desa categoría se aplican a un país secularmente marxinado e oprimido por un poder central (que se servía precisamente dos caciques como intermediarios) e cando poden chegar a salpicar a lembranza de homes como Bóveda, fusilados por defender a autonomía de Galicia, o insulto convértese en provocación.

Tamén no *Ideal*, Lois Caeiro escribía un artigo titulado «Os caciques de *El País*»:

Da mentalidade centralista de *El País* tiñamos serias sospeitas. Do seu descoñecemento e desprezo da realidade e a personalidade galegas, tamén. O editorial que nos serviu onte despexounas todas. *El País* non é partidario da autonomía. *El País* non reconece a personalidade histórica de Galicia e mesmo semella que descoñece a Constitución cando aconsella que non siga a vía do artigo 151 (...) Se comezamos a interpretar a Constitución así, ao final a democracia foi un camelo para que catro pillos sigan comendo e o recoñecemento das liberdades, unha pura metáfora (...) Este pintoresco editorial, que non nos dirán os reitores de *El País* que naceu da súa independencia, porque se ve moi claro que estivo inspirado en determinadas instancias de poder e nalgunha concreta persoa que si pode servir de arquetipo caciquil (...) O xacobinismo que eles citan (...) fomentou e alimentou o caciquismo galego. A nai do cacique é o centralismo.

O mesmo día, Gaciño cargaba a man na súa crónica contra unha suposta campaña de manipulación da opinión pública dirixida dende Madrid:

Os inimigos da autonomía de Galicia, porén, non se conforman con bloqueala na Comisión Constitucional, ou con facer comentarios despectivos nos corredores, (...) senón que están creando un clima negativo en torno á nosa autonomía, dende determinados medios de comunicación (...) Sempre nos queixamos da indiferencia que os medios de comunicación do resto de España manteñan respecto a Galicia. Seica a partir de agora imos ter que comezar a queixarnos da manipulación e a terxiversación que algúns medios están facendo das reivindicacións autonómicas galegas.

Dirixentes de UCD, como Pérez Llorca, presionaron os deputados centristas galegos e garantíronlles que, se aceptaban a proposta do goberno (un Estatuto limitado), o partido proporcionalles a correspondente cobertura nos medios informativos²¹, é dicir, as voces críticas nos medios de comunicación galegos serían acaladas. Pero a sociedade e os medios do noso país non ficaron en silencio. *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* e sobre todo *El Ideal Gallego* recolleron as críticas das forzas políticas galegas, os manifestos de protesta dos intelectuais e as mobilizacións da cidadanía contra a *aldraxe*. O propio feito de relatar día a día e artigo por artigo o que se debatía na Comisión Constitucional e nos corredores do Congreso impediúlles a moitos políticos realizar un dobre discurso, en Galicia e en Madrid, e obrigou a moitos outros a posicionarse e a pelexar por un Estatuto de primeira categoría. Tamén loitaron os intelectuais: o día que comezaba o debate do Estatuto no Congreso foi o momento elixido por un grupo de 25 intelectuais²² para publicar nos xornais galegos un manifesto en protesta pola *aldraxe*:

Un Estatuto sen contido autonómico é unha farsa, e para nós unha burla. A Constitución reconece o noso dereito á autonomía. Estrangular ese dereito pola presión de forzas antigalegas é unha

21. Meilán Gil, 2003:148.

22. O manifesto foi asinado por García Sabell, Parga Pondal, Vidal Abascal, Fermín Penzol, Rafael Dieste, Blanco Amor, Paz Andrade, Manuel Colmeiro, Chamoso Lamas, Fernández del Riego, Díaz Pardo, Marino Dónega, Ánxel Fole, Cunqueiro, Ramón Piñeiro, Fernández-Albalat, Carvalho Calero, F. Guitián Ojea, C. Fernández de la Vega, Xaquín Lorenzo, Antonio Fraguas, Sixto Seco, Fernández Albor, Torres Queiruga e Benxamín Casal.

agresión política a Galicia. Unha agresión que coma nos tempos pasados segue manipulando o poder político sen ética democrática.

En *El Ideal* mereceu toda a portada, cun titular a cinco columnas «Enérxico manifesto de vintecinco intelectuais» e mesmo *El País* lle dedicou un despezoamento titulado «Intelectuais galegos protestan pola “brutal discriminación”». Ademais, este día 21 levouse a cabo en todo o país unha *Xornada en defensa da dignidade nacional de Galicia*, co apoio da prensa e de todos os partidos agás UCD. Centos de políticos, alcaldes e concelleiros foron desaloxados da praza do Obradoiro polos antidisturbios e os xornalistas que cubrían o evento (trece medios distintos) asinaron un escrito conxunto de protesta, publicado en todos os xornais²³. A mañá do día 22, os cidadáns galegos, moitos deles esperando o resultado das negociacións en *vixilias*²⁴ organizadas en numerosos Concellos, espertaron cun duro artigo de García-Sabell publicado na primeira páxina de *El Ideal Gallego*, titulado «Galicia»:

Galicia é unha terra curiosa. Sumamente curiosa. Ten de todo e non ten nada. Posúe unha historia, unha lingua, unha paisaxe, unha cultura, unha psicoloxía, uns costumes, e é igual que se non tivese ren. ¿Por que? Por dúas razóns: 1ª Porque non atina a facer valer as súas propiedades. 2ª Porque non atina a darse a respectar. Ela, tan respectuosa. Tan respectuosa que acepta sempre, que comprende todo, que desculpa todo. E que goza magoándose a si mesma. Ridiculizándose. Ou deixando que o pasa ben coa humillación. Ten a sabedoría do laio, de queixa difusa, constante. E acerta a calar a cada intre.

Este 22 de novembro, *La Voz de Galicia* abriu a cinco columnas, con grandes tipos «Hoxe, xornada en defensa da dignidade nacional de Galicia», acompañando ao titular un acendido

23. «Os traballadores de información gráficos e literarios que desenvolvemos o noso traballo no acto de Raxoi (...) protestamos polo feito de que a Policía Nacional non nos permitise rematar o noso traballo informativo, expulsándonos da Praza do Obradoiro, xunto cos representantes políticos municipais, sindicais e cidadáns do país, cando se cantaba o himno galego».

24. O texto foi finalmente aprobado ás oito e dez da mañá do 22, tras toda unha noite de negociacións.

texto informativo sobre os incidentes do día anterior no Obradoiro: «A prohibición, por parte do Goberno Civil da Coruña (ao parecer, seguindo instrucións tallantes de Madrid) de impedir por todos os medios o acto autonomista de Santiago provocou unha viva reacción». O Estatuto aprobado, valorado moi negativamente polas cabeceiras de Galicia, foi en cambio aplaudido pola prensa da capital do Estado. Por exemplo, *El País* publicou o 23 un segundo editorial sobre o Estatuto galego²⁵. O extenso texto (de 136 liñas), titulado «A longa noite do Estatuto galego» culpaba ao Título Oitavo da Constitución de crear «a desmesurada expectativa dunha especie de “Estatuto tipo” ao que terían dereito, con independencia da intensidade e autenticidade dos sentimentos populares, reivindicacións históricas e necesidades sociais, todos e cada un dos territorios».

Polo tanto, pódese afirmar que durante a Transición Política, a prensa galega contribuíu ao proceso de construción da identidade de Galicia, sobre todo mediante a asunción de «Galicia» como unidade, como comunidade de intereses, por riba de diferenzas e intereses localistas. O enmarcamento da actualidade nestes parámetros axudou a que a identidade galega fose asumida maioritariamente pola sociedade. Este proceso foi posteriormente completado e amplificado unha vez constituída a Xunta de Galicia en 1981. As negociacións para redactar o Estatuto de autonomía do noso país puxeron ao descuberto moitas destas actitudes, multiplicando a súa intensidade: os xornais galegos exerceron de voceiros e defensores do pobo galego, reafirmando a súa identidade, denunciando un problema puntual (a aldraxe) e estrutural (a marxinação) e uns antagonistas (o centralismo e, simbolicamente, «Madrid»). E reivindicando unha solución (o autogoberno).

25. A actitude das restantes cabeceiras de Madrid era semellante. *El Ideal Gallego* nunha revista de prensa que recollía o publicado pola prensa da capital do Estado aseguraba que «toda a prensa madrileña, en contraste co sucedido até a aprobación do Estatuto, dedica grandes espazos ao tema da autonomía de Galicia. Pero, salvando honrosas excepcións, os xornais da capital continúan sen entender o problema galego». Os lectores tamén participaban no debate: foron varias as cartas ao director que publicou *El País* na derradeira semana de novembro. O día 29, por exemplo, nada menos que catro. As dúas últimas cartas dirixían as súas críticas contra o propio xornal, en especial contra algún dos editoriais publicados.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ POUSA, L. (1999): *Prensa amenazada en Galicia: da Transición ó Fraguismo*. Santiago, Lea.
- BERGER y LUCKMAN, P. (1984): *La construcción social de la realidad*. Buenos Aires, Amorrortu.
- GAMSON, W. (1992): *Talking Politics*. Cambridge, Cambridge University Press.
- IMBERT, G. (1990): *Los discursos del cambio: Imágenes e imaginarios sociales en la España de la Transición (1976-82)*. Madrid, Akal.
- MÁIZ, R. (1997): *A idea de nación*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- MÁIZ, R. (2004): *Identidade colectiva e medios de comunicación*. A Coruña, Fundación Santiago Rey.
- MARTÍN SERRANO, M. (1986): *La producción social de la información*. Madrid, Alianza.
- MEILÁN GIL, J. L. (2002): *La construcción del Estado de las Autonomías*. A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- MONTABES PEREIRA, J. (1994): «El caso español». En NOHLEN e FILGUEIRA, *Prensa y Teoría democrática: Experiencias recientes en Europa y América Latina*. Madrid, Iberoamericana.
- NOHLEN, D. e FILGUEIRA, C. (1994): *Prensa y Teoría democrática: Experiencias recientes en Europa y América Latina*. Madrid, Iberoamericana.
- PYE, L. W. (1963): *Communications and political development*. New Jersey, Princeton University Press.
- RIVAS, M. e GACIÑO X. A. (1980): *Informe dunha frustración*. A Coruña, Edicións do Ruego.

TUCHMAN, G. (1983): *La producción de la noticia*. Barcelona, Gustavo Gili.

VAN DIJK, T. (1990): *La noticia como discurso*. Barcelona, Paidós.

VASILACHIS DE GIALDINO, I. (1997): *La construcción de representaciones sociales, discurso político y prensa escrita*. Barcelona, Ediciones Gedisa.